

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COMEDOR, MATERIAL ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CURSO 2026-2027.

De conformidade con competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación vixente e consonte o marco xurídico definido polo RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócase a concesión de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, asemade tamén para aqueles que estean escolarizados en centros de educación especial en segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria no Concello de Santiago de Compostela.

A convocatoria ten **carácter plurianual** e, conforme ao sinalado polo artigo 57 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, indícase na mesma a contía máxima a conceder (isto é, 1.150.000,00 €), así como a súa distribución por anualidades: 490.000,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100 — contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes aos meses de setembro a decembro do 2026, e as bolsas de material escolar, que dispoñen dun crédito máximo de 50.000,00 € — e os 660.000,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2027, contra a que se aboarán as bolsas de comedor e actividades correspondentes aos meses de xaneiro a xuño do 2027.

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

A concesión destas bolsas realizarase de conformidade co disposto nas seguintes **BASES REGULADORAS**:

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, asemade tamén para aqueles que estean escolarizados en centros de educación especial en segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria no Concello de Santiago de Compostela, e que estean matriculadas ou teñan reserva de praza para o curso 2026/2027, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. MODALIDADES DE BOLSAS E FINALIDADE

A presente convocatoria comprende tres modalidades de bolsas, que se describen de seguido. As modalidades A e C son incompatibles entre si, mentres que a modalidade B é compatible con ambas.

A. Bolsas por escaseza de recursos económicos:

Dirixida a unidades familiares e de convivencia que, por insuficiencia de recursos económicos, teñen dificultades para facer fronte aos gastos relacionados coa escolarización das persoas menores ao seu cargo, con independencia da situación laboral dos proxenitores ou titores. Comprende dous tipos:

- **A.1. Bolsa de comedor:** financia o custo do servizo de comedor escolar. Concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos discontinuos nin esporádicos.
- **A.2. Bolsa de actividades extraescolares:** destinadas a sufragar o custo das actividades educativas, deportivas, culturais e xuvenís realizadas nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

É incompatible a concesión desta bolsa coa contemplada na modalidade C (conciliación).

B. Bolsas para a adquisición de material escolar

Dirixidas a unidades familiares ou de convivencia con menores escolarizados no segundo ciclo de Educación Infantil que precisen sufragar o material necesario para o inicio e desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e das súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, papelería, material funxible, etc.).

A concesión de esta modalidade é compatible tanto coa modalidade A como coa modalidade C.

C. Bolsas por conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Dirixidas a unidades familiares ou de convivencia en que ambos os proxenitores ou titores traballen — ou só un deles nos casos de separación, divorcio ou familia monoparental — e teñan dificultades para conciliar os horarios laborais coa atención aos menores, con independencia do nivel de renda, sempre que non supere o límite establecido na base 8.3.

Financia o custo do servizo de comedor escolar e concédese exclusivamente na modalidade de fixos mensuais, é dicir, para a totalidade dos días lectivos do mes. Non se admitirán solicitudes para a modalidade de fixos descontinuos nin esporádicos.

A concesión desta bolsa é incompatible coa contemplada na modalidade A (escaseza de recursos económicos).

3. PERÍODOS SUBVENCIONABLES

Servizo de comedor:

- De setembro de 2026 a xuño de 2027 (ambos os dous incluídos)
- De non prestarse nos meses de setembro e xuño: de outubro de 2026 a maio de 2027 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de setembro: de outubro de 2026 a xuño de 2027 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de xuño: de setembro de 2026 a maio de 2027 (ambos os dous incluídos).

Realización de actividades extraescolares:

- De outubro de 2026 ata xuño de 2027 (ambos os dous incluídos)

Adquisición de material escolar:

- Dende a publicación das bases no BOP da provincia de A Coruña, ata o período máximo de xustificación do material escolar (ver base nº 18.2).

4. BENEFICIARIAS

4.1 Terán a condición de beneficiarias as **unidades familiares e de convivencia** (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria, asemade tamén os escolarizados en centros de educación especial que cursen educación infantil (segundo ciclo), educación primaria obrigatoria ou educación secundaria obrigatoria.

4.2 Poderán solicitar estas axudas as nais, pais, titoras/es legais ou persoas encargadas da garda e protección dos menores ao que se refire o punto anterior.

4.3 Para os efectos desta convocatoria, considéranse membros computables da unidade familiar:

- a) Os cónxuxes ou titores/as legais, ou parellas de feito.
- b) Os fillos e fillas menores de idade.
- c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos ou fillas maiores de idade que dependan economicamente dos proxenitores.
- e) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- a) Familia monoparental, consonte o previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, modificada pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- b) No caso de custodia compartida, achegaranse os datos económicos e laborais de ambos os dous proxenitores.
- c) Os ingresos de todos os anteditos membros teranse en conta para determinar a situación económica da unidade de convivencia.
- d) En ningún caso poderán ser destinatarios de bolsas de comedor os proxenitores/as privados/as da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou a garda dos menores fose asumida pola Administración Pública con competencias na materia, acordando un acollemento residencial.

5. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS

5.1.- REQUISITOS COMÚNS PARA AS FAMILIAS BENEFICIARIAS DE AMBAS AS MODALIDADES:

- Estar empadroadas e residir de forma efectiva no concello de Santiago de Compostela e convivir cos menores de idade para os que se solicita a bolsa.
- Ser o/a proxenitor/a, posuír a tutela legal do menor ou menores para os que solicite a bolsa, ter concedido o acollemento familiar destes ou un permiso de convivencia autorizado pola administración pública con competencias na materia .
- Estar ao corrente, durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Santiago e coa Seguridade Social, salvo situacións de risco social, nas que obrigatoriamente debe intervir a Administración Local, que estean debidamente acreditadas mediante informe socio educativo emitido polos servizos sociais comunitarios.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar, agás os meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese servizo. Non se admitirán solicitudes na modalidade de fixos discontinuos nin esporádicos. De facer un uso irregular do servizo sen xustificación (ausencias superiores ao 10% dos días lectivos mensuais) poderá ser causa de extinción.

5.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE A (BOLSAS POR ESCASEZA DE RECURSOS)

No caso das Bolsas por escaseza de recursos (Modalidade A), esixiranse os seguintes requisitos específicos:

- Non superar a renda per cápita o 100% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (en adiante IPREM) anual vixente (12 pagas), de conformidade co baremo establecido na base 8.
- Acadar un mínimo de 6 puntos, en aplicación do baremo.
- No caso das bolsas para **actividades extraescolares**, o/a menor ou menores para quen se solicita a bolsa deberán contar con praza nelas e **presentar, xunto coa solicitude**, unha certificación da matrícula nas actividades extraescolares na que conste a identidade da Entidade Colaboradora, o nome da(s) actividade(s) e o(s) seu(s) prezo(s) e período de realización.

5.3. REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE B (BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR)

No caso das Bolsas para a adquisición de material escolar (Modalidade B), esixiranse os seguintes requisitos específicos:

- Non superar a renda máxima familiar anual: 5,5 veces o IPREM anual (12 pagas).
- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil

5.4 REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE C (BOLSAS POR CONCILIACIÓN)

No caso das Bolsas por conciliación (Modalidade C), esixiranse os seguintes requisitos específicos:

- Non superar a renda máxima familiar anual: 5,5 veces o IPREM anual (12 pagas).
- Acreditar a xornada laboral de ambos os cónxuxes ou titoras/es legais ou das parellas de feito ou soamente da persoa solicitante no caso de separacións, divorcios e familias monoparentais.

Os anteriores requisitos deberán reunirse ao remate do prazo de presentación das solicitudes e manterse ao longo do curso escolar.

6. OBRIGAS DAS UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA BENEFICIARIAS

6.1. Tódalas unidades familiares e de convivencia beneficiarias das bolsas reguladas nas presentes bases, independentemente da modalidade de axuda, terán as seguintes obrigas:

- A persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar **autorizarán**, de xeito expreso, o Concello de Santiago de Compostela para **recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)**, do Concello de Santiago e da Seguridade Social, de xeito telemático, os datos necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.
- Autorizar o Concello de Santiago á **recollida e tratamento de datos de carácter persoal dos membros da unidade familiar ou de convivencia**, coa única finalidade de utilizalos para as xestións, procedementos e consultas derivadas da presentación desta solicitude e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das bolsas ás entidades colaboradoras previstas na base 13 desta convocatoria.
- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera **alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas**, como as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares, a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal, ou, no seu caso, por calquera dos seguintes modos:
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera **alteración no documento de identidade (DNI, NIE, Pasaporte...)** utilizado para a solicitude das bolsas, a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal, ou, no seu caso, por calquera dos seguintes modos:
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Estar ao corrente durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no **cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co**

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

Concello de Santiago e coa Seguridade Social, salvo situacións de risco social, nas que obrigatoriamente debe intervir a Administración Local, que estean debidamente acreditadas mediante informe socio educativo emitido polos servizos sociais comunitarios.

Para acreditar dita situación, e debido a que a declaración de estar ao corrente caduca aos 6 meses da súa firma, esixirase a súa renovación a tódalas persoas beneficiarias de bolsa mediante a presentación do modelo CS004 (presentación de documentación e alegacións) ao que se adxuntará o modelo de declaración xurada que se adxunta como última folla ás presentes bases.

Dita presentación realizarase no prazo dos **15 días seguintes ao da publicación da listaxe das persoas beneficiarias de bolsa** (polo tanto só ten que ser presentado polas persoas beneficiarias de bolsa). Asemade, deberá volver a renovarse aos 6 meses da súa presentación.

- Someterse ás **actuacións de comprobación**, que efectúe o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Proceder ao **reintegro dos fondos percibidos** nos supostos incluídos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na base 18 desta convocatoria.

6.2. As unidades familiares e de convivencia beneficiarias das **bolsas de comedor e das actividades extraescolares**, terán, ademais, as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor diariamente e asistir ás actividades extraescolares, salvo causa xustificada e debidamente documentada.
- Autorizar o Concello de Santiago de Compostela para ingresar o importe das bolsas que, se é o caso, sexan concedidas na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente.
- Comunicar coa debida antelación ao servizo de comedor xestionado polo centro escolar, a ANPA ou empresa adxudicataria e/ou á organización das actividades extraescolares as ausencias das persoas menores que por calquera causa xustificada se vaian producir, con indicación dos días nos que terán lugar. No caso de non facelo, o Concello poderá revogar a bolsa de comedor.
- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas, como as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares, a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal, ou, no seu caso, por calquera dos seguintes modos:
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Cumprir as normas establecidas no regulamento interno para o servizo de comedor.
- Aboar puntualmente a diferenza entre o custo mensual do comedor e/ou das actividades extraescolares e a(s) bolsa(s) concedida(s) que non financie este programa municipal.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse segundo os modelos normalizados que se acompañan as presentes bases e que estarán á disposición das persoas interesadas na Concellaría de Políticas Sociais e na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, e presentaranse, polos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://reg.redsara.es/>
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes presentaranse no **prazo de 10 días hábiles** contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que ao presentar a solicitude quede pendente de achegar algunha documentación, esta só poderá presentarse durante o prazo previsto para a presentación de solicitudes; de non facelo no dito prazo, as persoas solicitantes deberán agardar á fase de emenda e mellora das solicitudes que prevé a seguinte base.

7.1 EMENDA E MELLORA DAS SOLICITUDES

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, publicaranse dúas listaxes:

A primeira, onde figurará a identificación das persoas interesadas, así como a súa data de rexistro de entrada e unha segunda, onde só aparecerán as persoas interesadas que deberán emendar ou mellorar a súa solicitude, para que no prazo de **10 días naturais** (a contar dende o día seguinte á publicación) corrixan a falta ou acheguen os documentos preceptivos.

De acordo co previsto no artigo 68.1. da Lei de Procedemento Administrativo Común e Administración Pública, en canto a subsanación e mellora das solicitudes, publicarase un anuncio co listado de todas as solicitudes, que substituirá ao requirimento individual á persoa interesada, no taboleiro de edictos do Concello, no Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, e na web do Concello (www.santiagodecompostela.gal), para que, nun prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte á data da publicación na páxina web do concello, subsane a falla ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada non termos do art. 21 da LPACAP.

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

Ditas listaxes publicaranse unicamente co número de documento de identidade das persoas solicitantes, para salvagardar a identidade das persoas beneficiarias e solicitantes (*disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*).

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude. Esta situación acreditarase mediante certificación da orde de protección, da medida cautelar ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

7.2 POLÍTICA DE PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais infórmaselles ás persoas solicitantes, que os seus datos serán tratados de xeito confidencial e incorporáranse a aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de xestionar as bolsas que se regulan nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de ditos bolsas e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos.

Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como dos membros que declara na unidade de convivencia, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago de Compostela. Así mesmo, autorizan ao Concello de Santiago de Compostela a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes (NIF/NIE), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas de comedor escolar e/ou das actividades extraescolares ás entidades colaboradoras.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

7.3. PRAZO EXTRAORDINARIO DE SOLICITUDE

Con carácter excepcional, poderán presentar solicitude fóra do prazo ordinario previsto na base 7 aquelas unidades familiares con menores que se matriculen nun centro docente do concello de Santiago de Compostela con posterioridade ao remate do dito prazo, cando a matrícula se produza durante o curso escolar 2026/2027 e a unidade familiar acredite circunstancias sobrevidas de vulnerabilidade económica ou social que xustifiquen a necesidade da bolsa.

A solicitude presentarase no prazo improrrogable de 10 días hábiles contados dende a data de formalización da matrícula no centro docente, achegando, ademais da documentación prevista na base 9, certificación do centro que acredite a data de matriculación.

A resolución destas solicitudes realizarase de forma individualizada pola Concellaría Delegada de Dereitos e Servizos Sociais, condicionada á existencia de crédito orzamentario suficiente. En caso de non existir crédito, a solicitude quedará en lista de agarda de conformidade co disposto na base 13.4.

En ningún caso a bolsa concedida por este procedemento extraordinario terá efectos retroactivos anteriores á data de matriculación.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN. BAREMOS

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar os ingresos económicos para ambas as modalidades, terase en conta a declaración da renda do derradeiro exercicio fiscal pechado que estea á disposición para poder realizar a consulta de datos. En dita consulta teranse en consideración as cancelas correspondentes á base imponible xeral mais a base imponible do aforro da declaración consultada.

No caso de separación ou divorcio con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores serán incluídas dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de familias reconstituídas, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as súas rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

8.1. BAREMO ECONÓMICO MODALIDADE A: POR ESCASEZA DE RECURSOS

Para esta modalidade **terase en conta a renda *per cápita* anual (RPCA)**, que son os ingresos netos anuais da unidade familiar de convivencia divididos entre o número de membros computables da devandita unidade familiar, tendo en conta que computarán por dous os membros da unidade familiar que figuren na solicitude e teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

	Situación económica da unidade familiar de convivencia		Puntos
	Renda <i>per cápita</i> anual (RPCA)		
8.1.1.	</= 0,50 veces o IPREM		12
8.1.2.	Máis do 0,50 e ata 0,60 veces o IPREM		10
8.1.3.	Máis do 0,60 e ata o 0,70 veces o IPREM		8
8.1.4.	Máis do 0,70 e ata 0,80 veces o IPREM		6
8.1.5.	Máis do 0,80 e ata 0,90 veces o IPREM		4
8.1.6.	Máis do 0,90 e ata o IPREM		2
8.1.7.	Máis do IPREM		0

8.2. BAREMO ECONÓMICO PARA A MODALIDADE B: ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

Poderán ser beneficiarios de bolsas de material escolar aquelas unidades de convivencia que conten cunha renda familiar anual máxima igual ou inferior a 5,5 veces o IPREM anual (12 pagas).

A este respecto, enténdese por renda familiar, a agregación de todos os ingresos de cada un dos membros computables.

A maiores, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil.

8.3 BAREMO ECONÓMICO PARA A MODALIDADE C: CONCILIACIÓN

Poderán ser beneficiarios de bolsas de comedor escolar pola modalidade de conciliación aquelas unidades de convivencia que conten cunha renda familiar anual máxima igual ou inferior a 5,5 veces o IPREM anual(12 pagas).

A este respecto, enténdese por renda familiar, a agregación de todos os ingresos de cada un dos membros computables.

A maiores, e dependendo da situación sociolaboral, teranse en conta as seguintes circunstancias:

TIPO DE XORNADA		PUNTOS
8.3.1	Actividade laboral con xornada parcial por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	1
8.3.2	Actividade laboral xornada completa por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	2

8.4. BAREMO DA SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR: PUNTUABLE PARA AS TRES MODALIDADES DE BOLSAS (A, B e C)

Unha vez valoradas as circunstancias económicas (modalidade A: escaseza de recursos e modalidade B, adquisición de material escolar) e as laborais (modalidade C: conciliación), terase en conta a situación sociofamiliar:

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR		PUNTOS	
8.4.1.	Familias numerosas con 4 fillos/as ou máis.	5	
8.4.2.	Familias numerosas con 3 fillos/as, ou 2 no caso de ter estes algunha discapacidade	4	
8.4.3.	Situación de violencia de xénero no contorno familiar das e dos menores de acordo co disposto na Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.	3	
8.4.4.	Familia monoparental	4	
8.4.5.	Discapacidade	Dende o 65% ata 74%	1
		A partir do 75%	3
8.4.6	Familia acollidora ou con permiso de convivencia acordado pola administración pública ou crianza en acollida.	4	

Se hai varios membros na unidade de convivencia con discapacidade, puntuará só a situación dun deles, o que teña maior gradación.

8.5.- APLICACIÓN DOS BAREMOS POLAS DIFERENTES MODALIDADES

As persoas solicitantes deberán facer constar no impreso de solicitude a modalidade de bolsa solicitada. Recórdase que a modalidade A e a modalidade C son incompatibles entre si: non se poderá obter bolsa polas dúas á vez. A modalidade B é compatible tanto coa modalidade A como a modalidade C.

Para cada modalidade de bolsa aplicaranse os baremos específicos establecidos nos apartados anteriores. A puntuación global será, pois, a resultante de sumar a puntuación específica (situación socioeconómica ou sociolaboral) coa puntuación sociofamiliar, de ser o caso.

As **puntuacións mínimas esixidas** para acceder a cada modalidade son as seguintes:

- Modalidade A (escaseza de recursos): mínimo de **6 puntos**.
- Modalidade B (material escolar): **non se require puntuación mínima**. Abonda con cumprir o requisito de renda familiar anual máxima igual ou inferior a 5,5 veces o IPREM anual (12 pagas). A puntuación sociofamiliar obtida utilizarase unicamente para establecer a orde de prioridade no caso de esgotamento do crédito.
- Modalidade C (conciliación): mínimo de **2 puntos**.

9. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA POR MODALIDADES.

A documentación que se debe presentar para a tramitación de cada unha das modalidades é a seguinte:

9.1	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE ESCASEZ DE RECURSOS
9.1.1	Impreso de solicitude cuberto e asinado pola persoa solicitante (titor/a, nai, pai, acolledor/a).
9.1.2	DNI/NIE/pasaporte <u>en vigor</u> de cada membro da unidade familiar maior de idade.
9.1.3	Libro de familia ou, no seu defecto, certificación do Rexistro Civil ou documentación oficial equivalente que acredite o vínculo familiar.
9.1.4	De ser o caso, xustificante de ter realizada a preinscrición ou reserva de praza nas actividades extraescolares para o curso 2026/2027.
9.2	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR
9.2.1	Impreso de solicitude cuberto e asinado pola persoa solicitante (titor/a, nai, pai, acolledor/a).
9.2.2	DNI/NIE/pasaporte <u>en vigor</u> de cada membro da unidade familiar maior de idade.
9.2.3	Libro de familia ou, no seu defecto, certificación do Rexistro Civil ou documentación oficial equivalente que acredite o vínculo familiar.
9.2.4	Certificación bancaria do número da conta, con IBAN, constando como titular/cotitular desta o solicitante da bolsa, onde desexan que se realice a transferencia da contía da bolsa, só no caso de solicitar bolsas para material escolar (só alumnado do 2º ciclo de educación infantil).
9.3	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CONCILIACIÓN
9.3.1	Impreso de solicitude cuberto e asinado pola persoa solicitante (titor/a, nai, pai, acolledor/a).
9.3.2	DNI/NIE/pasaporte <u>en vigor</u> de cada membro da unidade familiar maior de idade.
9.3.3	Libro de familia ou, no seu defecto, certificación do Rexistro Civil ou documentación oficial equivalente que acredite o vínculo familiar.
9.3.4	Certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SERÁ RECADADA DE OFICIO POLO ÓRGANO XESTOR

A acreditación do empadramento/convivencia

10. DOCUMENTACIÓN NON OBRIGATORIA: DE ENTREGA VOLUNTARIA PARA OBTENER OS BENEFICIOS DE APLICACIÓN DO BAREMO SOCIOFAMILIAR.

Estes documentos non son obrigatorios, pero serán **necesarios si se quere acceder á puntuación adicional referida á situación sociofamiliar**. A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos de seguido dentro do prazo de solicitude ou emenda suporá a non valoración no correspondente epígrafe do baremo que se recolle na base 8.4.

SITUACIÓN QUE PUNTÚA NO BAREMO		DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE DEBE ENTREGAR
10.1.	Familia numerosa	Carné de familia numerosa <u>en vigor</u>
	Situación de violencia de xénero	Acreditación da situación de violencia, segundo recolle a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo, e a modificación pola Lei 15/2021, do 3 de decembro.)
10.2.	Familia monoparental	Familias formadas por unha única persoa proxenitora.
		Libro de familia ou, no seu defecto, certificación do Rexistro Civil ou documentación oficial equivalente, onde conste unha única persoa proxenitora.
		Separación ou divorcio ou separacións de feito
		Sentenza e convenio regulador ou sentenza de asignación da garda, custodia e alimentos, ou certificado de monoparentalidade expedido pola administración competente.
		Viuvez
		Certificado de defunción
10.3.	Discapacidade	Certificación ou tarxeta que acredite o grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
10.4.	Familia acollidora ou con permiso de convivencia	Resolución da Administración Autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia.

11. ENTIDADES COLABORADORAS

De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras os centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria, así como os centros de educación especial de segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria do concello de Santiago de Compostela que xestionen directamente o servizo de comedor e as actividades extraescolares, as asociacións de nais e pais (ANPAS) destes centros educativos que xestionen o dito servizo e/ou actividades ou, se é o caso, a empresa adxudicataria para a prestación do servizo de comedor escolar e calquera entidade que realice a prestación de actividades extraescolares para os anteditos centros.

As entidades colaboradoras non poderán estar incursas en ningún dos supostos de prohibición contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, circunstancia que deberán acreditar mediante declaración responsable no momento da súa adhesión.

12. OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- a. Cubrir e asinar debidamente o **modelo de aceptación como entidade colaboradora** na xestión de **bolsas de comedor escolar**, e/ou na xestión de **bolsas de actividades extraescolares**. Ambos modelos están dispoñibles no trámite "[Participación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de comedor e actividades extraescolares](#)" da Sede Electrónica do Concello de Santiago.
- b. Garantir o servizo de comedor e actividades extraescolares durante o curso escolar.
- c. Achegar a seguinte documentación no momento de presentar a solicitude:
 - NIF/CIF da entidade colaboradora.
 - Certificación da conta bancaria onde figure o IBAN.
 - Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.
 - Indicar, no caso de prestar o servizo de comedor, a data de inicio e fin do servizo, así como o prezo do mesmo, e os centros educativos nos que se prestará o mesmo.
 - Indicar, no caso de prestar o servizo de actividades, os centros educativos nos que prestará o servizo e a data de inicio e a data de fin do servizo de actividades.
- d. Os **anexos de aceptación como entidade colaboradora**, así como a documentación prevista nos apartados anteriores, deberán presentarse preferentemente, no prazo de **10 días hábiles** dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia por calquera dos seguintes medios:
 - De xeito telemático, a través do "Rexistro Electrónico Común - REC", accesible no enderezo electrónico <https://reg.redsara.es/>
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- e. Comunicar as incidencias que se produzan en relación co alumnado beneficiario ao Departamento de Servizos Sociais ao enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal
- f. **Xustificar a asistencia do alumnado** e a entrega dos fondos percibidos, a partir da data de publicación da resolución definitiva, cubrindo as certificacións a que fai referencia a base 18 desta convocatoria. O **prazo de presentación** será o regulado na cláusula 18 das presentes bases para a xustificación das axudas correspondentes.
- g. Someterse ás **actuacións de comprobación** que respecto á xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

como comunitarios, para o que se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as entidades colaboradoras que incumpran as obrigas establecidas nestas bases, ou que actúen con negligencia na xestión dos fondos recibidos, serán responsables da devolución das cantidades indebidamente pagadas e dos danos e prexuízos ocasionados, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houberse lugar.

13.CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A orde de prioridade para adxudicar as bolsas contra o crédito da convocatoria é o seguinte:

- **Primeiro adxudicaranse as bolsas de material escolar**, ata esgotar os 50.000 € de crédito dispoñibles. No caso de quedar crédito sen esgotar, poderase destinar dito crédito para a concesión das seguintes bolsas (escaseza de recursos e conciliación).
- **En segunda instancia adxudicaranse as bolsas de escaseza de recursos** para todas aquelas persoas que cumplan requisitos. Deste xeito non quedará listaxe de agarda salvo que se esgote o crédito destinado para a convocatoria. No caso de que quede crédito sen esgotar, dito crédito utilizarase para a concesión das seguintes bolsas (conciliación).
- **En terceiro lugar adxudicaranse as bolsas de conciliación** para todas aquelas persoas que cumplan os requisitos establecidos para esta modalidade. A súa concesión realizarase para todos os solicitantes que cumpran os requisitos (no caso de existir crédito suficiente), ou ata esgotar o crédito dispoñible e quedando listaxe de agarda.

13.1.CONCESIÓN DE BOLSAS PARA UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA CON ESCASEZA DE RECURSOS ECONÓMICOS:

Concederanse bolsas polo seguinte importe ás familias que obteñan maior puntuación como resultado da suma dos baremos establecidos anteriormente:

- **Bolsas de comedor:** abonarase **100 euros/mes** salvo que o importe sexa inferior a dita contía. Neste caso aboarase o importe xustificado.
 1. Excepción: aqueles centros escolares de educación especial, poderanse conceder ata 180 €/mes, salvo que o importe sexa inferior a dita contía. Neste caso aboaranse o importe xustificado.
- **Bolsas de realización de actividades extraescolares:** abonarase ata un máximo de **35 €/mes** por menor beneficiario, con independencia do número de actividades realizadas e das horas de asistencia ás mesmas. De ser o custo mensual real das actividades xustificadas inferior a dita contía, aboarase unicamente o importe efectivamente xustificado.

En ningún caso o importe da bolsa recibida pode superar o 100 % do custe do servizo e/ou actividade subvencionado.

A orde de prelación será para aquelas solicitudes que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de persoas beneficiarias por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior puntuación na base 8.1, referida á situación económica da unidade familiar.
3. Maior puntuación na base 8.4, referida á situación sociofamiliar.

Aquelas familias que obteñan unha puntuación de 6 ou máis puntos e non resulten beneficiarias dunha bolsa de comedor ou de actividades extraescolares porque a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistencia dunha bolsa concedida, esta bolsa concederáse á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

13.2.- CONCESIÓN DE BOLSAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR:

Concederáanse bolsas polo seguinte importe, e ata esgotar o crédito máximo de 50.000 €.

- **Bolsas de adquisición de material escolar:** ata un máximo de **100 euros** (pagamento único), dependendo do gasto realizado.

En todo caso, a concesión das bolsas estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente. Deste xeito non se poderán conceder bolsas de material por importe superior a ditos 50.000 €.

A orde de prelación será para aquelas solicitudes que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de persoas beneficiarias por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior puntuación na base 8.4, referida á situación sociofamiliar.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda *per cápita* da familia, adxudicándose as bolsas por orde inverso á magnitude da dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

13.3.- BOLSAS DE COMEDOR PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL.

Concederanse bolsas por importe de 45,00 euros/mes. A orde de prelación será para aquelas unidades familiares e de convivencia que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

1. Maior número de persoas beneficiarias por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior xornada laboral.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda *per cápita* da familia, adxudicándose as bolsas por orde inverso á magnitude da dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

Aquelas familias que obtendo puntuación suficiente non resulten beneficiarias de ningunha bolsa de comedor porque a totalidade das concedidas ás familias con maior puntuación supera o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistencia dunha bolsa concedida, a dita bolsa concederase á familia da lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

14. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A instrución do procedemento de resolución das bolsas correspóndelle ó Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa.

Cando no curso da instrución se detecten defectos emendables nas solicitudes admitidas, de conformidade co previsto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se terá por desistida a súa petición. Dito requirimento realizarase mediante publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello, nos termos previstos na base 15.3.

15. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

15.1 COMPETENCIA

As bolsas obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases e adxudicando, cos límites fixados nesta convocatoria e dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan a maior puntuación en aplicación dos baremos establecidos.

O Departamento de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de persoa beneficiaria, para o que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, en especial o informe extraordinario para aquelas persoas beneficiarias que non se atopen ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social, e fará constar que da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á comisión de avaliación, que avaliará as solicitudes das bolsas, poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases, dará lugar a un informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao amparo dos criterios fixados nas bases desta convocatoria.

En cumprimento do anterior a valoración das solicitudes corresponderá a unha **Comisión Avaliadora**, que quedará integrada pola Concelleira delegada de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actuará como presidenta, e da que formarán parte 3 vocales e 1 secretario/a, todos eles persoal técnico ou administrativo dos Servizos Sociais. Este órgano colexiado emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación. A secretaría redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, a vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará proposta de resolución, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluírá a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante, o centro escolar ao que asisten os menores, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas e a súa contía. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento e as que, se é o caso, pasen a conformar as listas de agarda previstas nas bases.

Esta resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal) para os efectos de reclamacións e concederase un prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

O órgano instrutor, á vista do expediente, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluírá a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante, o centro escolar ao que asisten os menores, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas e a súa contía. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento e as que, se é o caso, pasen a conformar as listas de agarda previstas nas bases.

15.2 RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

De conformidade co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal vixentes e ao amparo da delegación de competencias acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 20 de xuño de 2023, a competencia para resolver o procedemento de concesión das bolsas reguladas nestas bases, así como para autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer as obrigas derivadas da súa tramitación, corresponde á Concellaría Delegada de Dereitos e Servizos Sociais.

A resolución definitiva porá fin á vía administrativa e publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal). Contra a dita resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

- Recurso de reposición potestativo, ante a Concellaría Delegada de Dereitos e Servizos Sociais, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, ou de tres meses contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

15.3 PUBLICACIÓN

A publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 45.1.a) e 45.4 da **Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas** sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

Tanto a listaxe de todas as solicitudes para a súa subsanación como as listaxes coa resolución definitiva publicaranse unicamente co número de documento de identidade das persoas solicitantes, para salvagardar a identidade das persoas beneficiarias e solicitantes (*disposición adicional sétima da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais***).

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude. Esta situación acreditarase mediante certificación da orde de protección, da medida cautelar ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O prazo máximo para resolver e publicar a notificación da resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo se computará desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da bolsa.

16. INCIDENCIAS E EXTINCIÓNS PRODUCIDAS DESPOIS DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

16.1. No referente ás actividades extraescolares, só se permitirá cambiar de actividade sempre e cando isto non supoña unha modificación de entidade colaboradora. A cantidade a aboar polo Concello non poderá ser superior á concedida na resolución da convocatoria.

16.2. O traslado do alumnado de centro escolar ao longo do curso 2026-2027, dentro do municipio de Santiago de Compostela, será considerado como unha incidencia, que non

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

suporá a perda das bolsas que teñan recoñecidas, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de prazas, e, atendendo ao seguinte:

- Calquera cambio de centro escolar comunicado dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido na base 7, terá efectos dende o primeiro día de curso escolar.
- Os cambios comunicados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes e antes de que se executen os pagamentos anticipados terán efectos desde o primeiro día do período cuberto polo respectivo anticipo, redirixíndose o pagamento íntegro á nova entidade colaboradora.
- Os cambios comunicados unha vez executados os pagamentos anticipados terán efectos desde o primeiro día do mes seguinte á data de efectividade do cambio de centro, con independencia do momento en que se realice a comunicación. A entidade colaboradora orixinal xustificará exclusivamente os meses de servizo efectivamente prestados, sendo as mensualidades non xustificadas descontadas no 3º pagamento post-xustificación previsto na base 18.1.

O Concello realizará un pagamento específico á nova entidade colaboradora polos meses de servizo efectivamente prestados, con cargo ás cantidades non xustificadas pola entidade orixinal, unha vez presentada e aprobada a correspondente certificación mensual. As diferenzas residuais que non puideran compensarse por esta vía regularizaranse igualmente no 3º pagamento post-xustificación previsto na base 18.1.

16.3. En todo caso, as incidencias deberán ser comunicadas no **prazo improrrogable de 10 días naturais** dende que se produza a incidencia, salvo que por circunstancias alicas á persoa beneficiaria se poda requirir un prazo maior, a través dos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://reg.redsara.es/>
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- A través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal

O incumprimento destes trámites pode dar lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

16.4. Poderán ser **causa de extinción das bolsas municipais de comedor escolar e actividades extraescolares** as seguintes:

- Traslado de residencia a outro termo municipal.
- Renuncia da/s bolsa/s concedidas, por parte das persoas beneficiarias.
- Polo uso irregular do servizo de comedor ou actividades, en tres mensualidades consecutivas, con faltas de asistencia sen xustificar superior ao 10% dos días lectivos mensuais.

- O incumprimento polo alumnado das normas establecidas para o servizo de comedor ou das actividades extraescolares, polo centro educativo ao que pertenza.

17. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As bolsas concedidas a través desta convocatoria serán **compatibles con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade** procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total correspondente.

Non obstante, será excluínte a obtención de bolsas de comedor escolar pola modalidade de escaseza de recursos (A) coas de conciliación (C), de xeito que as persoas solicitantes tan só poderán resultar beneficiarias dunha das modalidades. Así, no caso de que as persoas solicitantes soliciten as bolsas en ambas modalidades, valorarase, en primeiro lugar, a concesión na modalidade de escaseza de recursos (A), e, de non cumprirse os requisitos e baremación para resultar beneficiario/a, valorarase a concesión na modalidade de conciliación (C).

18. RÉXIME DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DAS BOLSAS

18.1. BOLSAS DE COMEDOR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Ao abeiro do establecido no artigo 34.4, parágrafo segundo, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e dada a natureza desta convocatoria como programa de acción social de prestación continuada destinado a garantir o acceso ao comedor escolar e ás actividades extraescolares de familias en situación de vulnerabilidade económica e social — cuxa efectividade depende da dispoñibilidade de financiamento previo por parte das entidades colaboradoras —, as **contías das bolsas aboaranse con carácter anticipado na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente** (centro escolar, ANPA ou empresa adxudicataria do servizo de comedor ou das actividades extraescolares), con **carácter previo á presentación da xustificación**, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, **agás a mensualidade de xuño de 2027, que se aboará con carácter postxustificación nos termos previstos máis adiante.**

De conformidade co disposto no artigo 42.1, parágrafo segundo, do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as unidades familiares e de convivencia beneficiarias quedan **exoneradas da constitución de garantía** para a tramitación dos ditos pagamentos anticipados, en atención á natureza das actuacións financiadas e ás especiais características das persoas beneficiarias, ao tratarse dun programa de acción social dirixido a familias en situación de vulnerabilidade económica e social, para as que a esixencia de garantía bancaria sería desproporcionada e contraria á finalidade social da convocatoria.

O réxime de pagamento estrutúrase en tres momentos:

- **1º pagamento anticipado — Mensualidades de setembro a decembro de 2026.**
- **2º pagamento anticipado — Mensualidades de xaneiro a abril de 2027.**

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

- **3º pagamento post-xustificación — Mensualidades de maio e xuño de 2027:** aboarse unha vez presentada e aprobada a certificación de asistencia correspondente aos meses de maio e xuño de 2027, nos termos do artigo 34.4, parágrafo primeiro, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este pagamento ten por finalidade específica a regularización global do curso escolar: o seu importe reducirase na medida necesaria para absorber as diferenzas acumuladas entre os importes anticipados nos períodos anteriores e os importes efectivamente xustificadas, sen que en ningún caso poida superarse a contía concedida na resolución de concesión. O pagamento efectuarase unha vez revisada e aprobada polo Departamento de Servizos Sociais a certificación de xuño e practicada a liquidación global prevista no apartado 18.5.2.

En todo caso, a resolución e/ou aboamento das subvencións correspondentes ao período escolar xaneiro-xuño 2027 quedan sometidos á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas de que se trate na aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do exercicio 2027.

Para poder proceder á liquidación e xustificación correspondente, as entidades colaboradoras emitirán a certificación mensual debidamente cuberta e asinada, de acordo co sinalado no punto 18.3 das presentes bases.

O **prazo de presentación da xustificación** será o seguinte:

- Os meses de setembro a decembro do 2026 xustificaranse do 1 ao 15 de xaneiro do 2027, ambos inclusive.
- Os meses de xaneiro a abril do 2027 xustificaranse do 1 ao 15 de maio do 2027, ambos inclusive.
- Os meses de maio e xuño do 2027 xustificaranse do 1 ao 9 de xullo do 2027, ambos inclusive. O pagamento post-xustificación correspondente efectuarase unha vez revisada e aprobada a dita certificación polo Departamento de Servizos Sociais.

O procedemento de subsanación da documentación xustificativa rexerese polo disposto no apartado 18.4 das presentes bases.

As familias beneficiarias deberán aboar, de ser o caso, a diferenza respecto ao custo do comedor ou das actividades extraescolares que lles corresponda.

En ningún caso poderá realizarse o pagamento das axudas en tanto a entidade colaboradora non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, nin sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

18.2. BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.

A documentación para a xustificación das bolsas para a adquisición de material escolar presentarase polas persoas beneficiarias con data límite o 15 de outubro de 2026 (xoves).

O Concello de Santiago de Compostela aboará nun pagamento único a bolsa pola contía xustificada para a adquisición de material escolar, na conta facilitada pola persoa beneficiaria no momento da solicitude.

O recoñecemento da obriga realizarase unha vez aprobada a xustificación correspondente das facturas presentadas seguindo o procedemento previsto no artigo 24.1 das Bases de Execución do Orzamento.

O procedemento de subsanación da documentación xustificativa rexerese polo disposto no apartado 18.4 das presentes bases.

18.3 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA E FORMA DE PRESENTACIÓN.

18.3.1 Documentación xustificativa.

A documentación a presentar para a xustificación das bolsas será a seguinte, segundo a modalidade:

1. **Bolsas de comedor e actividades extraescolares:** as entidades colaboradoras deberán presentar a correspondente certificación mensual debidamente cuberta e asinada, de acordo co modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela. No caso das bolsas de actividades extraescolares, a certificación deberá recoller expresamente o custo mensual real de cada actividade realizada polo menor beneficiario, de conformidade co disposto na base 13.1.
2. Bolsas para a adquisición de material escolar: as persoas beneficiarias de ditas bolsas deberán presentar o modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, xunto con copia das **facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar**, ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

18.3.2. Forma de presentación.

A presentación da documentación xustificativa poderá realizarse a través dos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://reg.redsara.es/>
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal, na Sección “[Xustificación de subvencións concedidas polo Concello](#)”.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.4 SUBSANACION DA XUSTIFICACIÓN.

Cando o Departamento de Servizos Sociais aprecie a existencia de defectos subsanables na documentación xustificativa presentada, e de conformidade co previsto no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación co artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerase en

coñecemento do interesado para que, no prazo de dez días, proceda á súa subsanación, de acordo coas seguintes regras:

- No caso das bolsas de comedor e actividades extraescolares, a notificación de subsanación dirixirase á entidade colaboradora correspondente, a través do enderezo electrónico facilitado por esta no momento da súa adhesión, dende o enderezo bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal.
- No caso das bolsas para a adquisición de material escolar, a notificación de subsanación dirixirase á persoa beneficiaria, a través do enderezo electrónico que esta facilítase na súa solicitude, dende o enderezo bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal.

18.5 REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

18.5.1. Causas de reintegro.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes supostos, de conformidade co establecido no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto que fundamentou a concesión da bolsa.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e forma establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003 e no apartado 18.1 e 18.2 das presentes bases.
- d) Incumprimento das obrigas impostas ás persoas beneficiarias e ás entidades colaboradoras nas presentes bases.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas na normativa de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- f) Incumprimento das obrigas impostas polo artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

18.5.2. Regularización previa ao reintegro.

Con carácter previo á iniciación de calquera procedemento de reintegro, o Departamento de Servizos Sociais practica a liquidación global das diferenzas existentes entre os importes anticipados nos períodos 1º e 2º e os importes efectivamente xustificadas ao longo do curso escolar.

Dita regularización realizarase de forma íntegra no **3º pagamento post-xustificación correspondente ás mensualidades de maio e xuño de 2027**, que ten por finalidade específica pechar o balance total do curso escolar. Para tal efecto, o importe do 3º pagamento reducirase na medida necesaria para absorber as diferenzas acumuladas, sen que en ningún caso poida superarse a contía concedida na resolución de concesión para o mes de xuño de 2027.

Convocatoria de Subvención SERVIZOS SOCIAIS

Só cando as diferenzas acumuladas non puideran absorberse íntegramente no 3º pagamento — por ser o seu importe superior á mensualidade de xuño ou por calquera outra circunstancia que o impida — procederáse ao reintegro formal das cantidades non regularizadas, nos termos previstos nos apartados seguintes.

18.5.3. Procedemento de reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio polo órgano concedente, mediante acordo motivado notificado á persoa interesada, e tramitarase de conformidade co establecido nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 94 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto no artigo 38 da Lei 38/2003 e na normativa de facenda local.

18.5.4. Xuros de mora.

As cantidades a reintegrar devengarán xuros de mora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade co establecido no artigo 38.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 26 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, aplicándose o tipo de xuro legal do diñeiro vixente en cada momento.

19. REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

19.1. Procederá a **revogación** das bolsas concedidas nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento por parte da persoa beneficiaria da bolsa de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- b) A ocultación de información se esta motivou a concesión das bolsas.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

19.2. Tódalas demais **causas de reintegro** que contén o título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

19.3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo das especialidades que establece a normativa vixente en materia de subvencións públicas.

20. RÉXIME DE RECURSOS

**Convocatoria de Subvención
SERVIZOS SOCIAIS**

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou calquera outro adecuado a dereito.

21. PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co artigo 18 da LXS: “1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. .2. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos tempos establecidos no artigo 20”.

Conforme ao sinalado na base 4 da convocatoria, a condición de persoas beneficiarias se refire as unidades familiares (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria, polo que conforme ao disposto no artigo 20 da LXS, a remisión da correspondente información á BDNS realizarase en función das persoas beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas.

CRIPTOLIB_CF_Firma

1. ANEXO AO MODELO CS006BO - DECLARACIÓN XURADA

Convocatoria: bolsas de comedor/actividades e material curso 2026/2027

DECLARACIÓN XURADA DA PERSOA SOLICITANTE¹

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DOCUMENTO DE IDENTIDADE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, SEGURIDADE SOCIAL e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O que asino aos efectos oportunos en Santiago de Compostela,

Asdo. _____

¹Consonte o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

